

DELPHINE DE VIGAN

# As gratitudes

Traducido por Xavier Senín



Hugin e Munin

Preguntástesvos algunha vez cantas veces ao día dicides grazas? Grazas polo sal, pola porta, pola información.

Grazas pola volta, pola barra de pan, polo paquete de tabaco.

*Grazas* de cortesía, de conveniencia social, automáticas, mecánicas. Case baleiras.

Ás veces omitidas.

Ás veces subliñadas de máis: grazas a ti, grazas por todo, grazas infindas.

Mil grazas.

*Grazas* profesionais: grazas pola súa resposta, pola súa atención, pola súa colaboración.

Preguntástesvos algunha vez en cantas ocasións na vosa vida dixestes grazas de verdade? Unhas grazas sinceras. A expresión da vosa gratitude, do voso recoñecemento, da vosa débeda.

A quen?

Ao profesor que vos contaxiou o amor polos libros?  
Ao mozo que interveu o día que vos agrediron na rúa?  
Ao médico que vos salvou a vida?

Á propia vida?

Hoxe morreu unha velliña a quen eu quería.

Adoitaba pensar: «Débolle moitísimo». Ou: «Se non fose por ela, se cadra xa non estaría aquí».

Pensaba: «É moi importante para min».

Importar, deber, é así como se mide a gratitude?

Pero deille as grazas abondo? Demostreille o suficiente o meu agradecemento? Fun próxima e constante dabondo, estiven presente dabondo?

Daquela rememoro os derradeiros meses, as derradeiras horas. As nosas conversas, os nosos sorrisos, os nosos silencios.

Vólvenme á cabeza os instantes compartidos. Outros desapareceron. E os que perdín, invéntoos.

Tento reconstruír ese día no que comprendín que algo cambiara de vez e que en diante teríamos o tempo taxado.

Aconteceu de súpeto. Da noite para o día.

Non digo que non houbera indicios. Por veces, Michka paraba no medio do salón, desorientada, coma se xa non soubese por onde empezar, coma se o ritual, tan repetido, lle esquecese de súpeto. Outras veces, interrompíase no medio dunha frase, tropezaba, no senso estrito da palabra, contra algo invisible. Procuraba un vocábulo e topaba outro. Ou ben non topaba nada, só o baleiro, unha trampa que cumpría esquivar. Así a todo, nese tempo vivía soa, na súa casa. Era autónoma. E seguía a ler, a ver a televisión, a recibir visitas de cando en cando.

E logo chegou aquel día do outono, de improviso.

Antes, todo ía ben. Despois, xa nada ía ben.

Imaxínoa no seu piso de teitos baixos, soa, sentada na cadeira de brazos. Detrás dela, as cortinas están corridas, aínda que polos intersticios se intúe a luz da tarde. A pintura das paredes amarelece algo. Os mobles, os cadros, os adornos sobre os andeis, todo ao seu arredor semella saído dun tempo distante.

Chámase Michka. É unha anciá con trazas de moza. Ou unha moza avellada desapercibidamente, vítima dun meigallo. As súas mans longas e nodosas aférranse aos repousabrazos da cadeira, coma se estivese a risco de caer.

De socato, varios tons furan o silencio. Michka semella sorprendida, busca nas proximidades, observa a pulseira